

CARTA ABERTA DE LUÍS CALVO, ALCALDE DE AGOLADA

Como alcalde de Agolada quero pedir **desculpas a toda a cidadanía polo espectáculo que amosaron** o pasado 30 de novembro, a Asociación de amigos da Banda de música municipal de Agolada. Síntome avergoñado de que esta asociación viñera a empañar o que se supoñía que ía ser a festa da música. Unha **xornada na que participaron outras asociacións, e na que sinceramente creo que non era o día** de armar certo espectáculo, sobre todo, tendo en conta que as semanas anteriores levaron a cabo actuacións propias e exclusivas da asociación. **Por iso, me atrevo a pensar que quizais non teñan tanto apoio como presumen.** Síntome avergoñado tamén das formas da xente afín á asociación (unha minoría), con ese “abucheo” a min e a miña corporación. **Debe ser froito do bo facer e da boa educación que presumen.**

Por outra banda, debo mostrar a miña **tranquilidade** xa que para nada vexo ese apoio masivo do que falan. **Gran parte da xente e agrupacións da nosa contorna non se posicionan porque tamén ven esto como unha manobra política da asociación,** e os que son de mais lonxe é evidente que non saben de que vai isto e só se limitan a escoitar o que lles contan. Por iso tampouco entendo que unha persoa tan intelixente coma o **presidente da Deputación , D. Luís López, sexa cómplice desta situación, aínda que vendo o trasfondo deste movemento político** da asociación podo intuír que non lle quede máis remedio que sumarse a este despropósito.

Eses agradecementos ao director só son por parte de 4 pais e xente afín á directiva (xa que sabemos cal é o sentir xeral do pobo), e debo dicir tamén, que **son coñecedor de tantos alumnos e músicos que nos últimos anos marcharon da banda.** Por iso non entendo de que logros falan e presumen, xa que nos últimos anos marcharon alumnos e músicos a bandas veciñas. **NON SEI COMO PODEN TER A CONCIENCIA TRANQUILA,** xa que **a banda perdeu case a totalidade dos músicos que tiña.** Agora a banda debe ter arredor de 30 músicos. Algo insólito e polo que o goberno nunca pediu explicacións. Dudo

moito que o fagan, pero creo que este feito debería ser un gran motivo de **autocrítica por parte da asociación e do director.**

Creo que o director debería pedir desculpas publicamente a todo o concello por tanta xente que se marchou da banda e da escola. É o menos se tivese un mínimo da humildade e honestidade da que presume. Persoalmente creo que o pasado sábado unha vez máis se volve a equivocar ao meterse en temas extra-musicais. Baixo o meu punto de vista, o director **é un traballador da banda e debe dedicarse só á parte musical** e a coidar a esa xente que lle marcha a cada paso. É como se o adestrador do R. Madrid, do F.C Barcelona ou outro equipo, se pon a falar na reunión de socios do seu club.

Escribo estas liñas para que toda a cidadanía vexa que esto é para crear tensión e para desviar a atención ante a incapacidade, dunha directiva e un director, de xestionar a asociación como antaño e queren cargalle a culpa ó concello.

MENOS POLÍTICA E MÁIS MÚSICA.

Atentamente,

Luís Calvo Miguélez, alcalde de Agolada.

